

III.3. EIXE 3: ECONOMÍA DO COÑECEMENTO


Galicia propónse impulsar a economía do coñecemento aplicada ás necesidades produtivas, investindo de xeito eficaz en investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación empresarial, co fin de mellorar o seu posicionamento no conxunto da economía europea e de converterse en referente naqueles sectores nos que a rexión presenta vantaxes comparativas. Todo iso se conseguirá fortalecendo a competitividade das empresas, a presenza internacional e o esforzo investidor en actividades de I+D, mellorando a coordinación e a articulación co resto de axentes do sistema de innovación (universidades e centros públicos de investigación, centros tecnolóxicos, sistema educativo, institucións financeiras e outros axentes catalizadores). O obxectivo xeral é consolidar un sistema de I+D+i en Galicia, establecendo medidas que incentiven e vertebren as actividades de investigación.

En paralelo, unha das oportunidades que se lle presenta a Galicia para aumentar a competitividade radica no emprego xeneralizado das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

Dentro deste eixe inclúense as políticas destinadas ao fomento da investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i), como motor para garantir o futuro da economía galega e acadar un dos obxectivos principais da Europa 2020, o crecemento intelixente.


Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento.

Dentro dos indicadores que permiten medir o contexto no que, para o ano 2012, se van a implantar as políticas de fomento da I+D+i, un dos máis importantes é o investimento en I+D+i en termos de PIB. Este indicador mide o investimento da economía galega en actividades de investigación e desenvolvemento; os resultados ofrecidos amosan que se aínda que diminúe a porcentaxe do PIB que se destina a I+D (investimento tanto público coma privado), faino en menor medida do que decreceu o PIB galego durante os anos 2008 e 2009.



Na gráfica anterior tamén se reflicte outro indicador relevante, o persoal investigador por cada 1.000 ocupados, que ten unha tendencia incrementalista dende o inicio da serie 2005, situándose en 8,7 investigadores.


Se consideramos como resultado do investimento en I+D+i, o número de patentes, o indicador ofrecido pola Oficina Española de Patentes e Marcas de solicitudes de novas patentes, amosa unha tendencia de crecemento do mesmo xeito que o gasto en I+D+i, sendo 176 as solicitudes de novas patentes no ano 2008 e 173 no 2009, representando o 4,9% do total de patentes solicitadas en toda España. No caso das patentes solicitadas no ano 2009, un dato revelador é que das 173 solicitudes 43 son a nome de universidades públicas.




Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, sociais e dos servizos públicos.

No que se refire ao emprego das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC) as liñas principais de intervención da administración autonómica sitúanse basicamente en dúas liñas: a implantación de redes de banda longa e servizos e infraestruturas de telecomunicacións, e o fomento das TIC nos fogares e nas empresas.

En canto á estrutura de banda longa os indicadores que miden a evolución están vencellados ás vivendas que dispoñen de acceso á banda longa. Se ben durante os últimos anos ven crescendo o nº de vivendas que dispoñen deste tipo de conexións, Galicia aínda ten un diferencial respecto da media nacional de máis de 10 puntos, aínda que se vai reducindo de forma continua tal como se pode apreciar no gráfico.





No que se refire ao emprego destas capacidades da banda longa e ao emprego de internet, as vivendas con conexión a internet tamén subiron nos últimos anos como consecuencia das facilidades de acceso; así temos que o 49% das vivendas galegas conta con conexión a internet.



Respecto do emprego de internet, no ano 2010 o 53,6% dos galegos teñen accedido a internet nos últimos 3 meses, e o 14,4% dos galegos accede para marcar por internet, cifras que amosan un crecemento respecto dos anos anteriores, pero que persiste un diferencial coa media nacional, que tamén é certo, é cada vez menor.


Pola parte das empresas, a inicios do 2011, o 97,3% das empresas galegas dispoñía de conexión a internet e o 61,2% dispoñen de sitio web, aínda que só o 9,4% a empresa

para transaccións comerciais (pedidos, vendas, pagos,...).



A distribución dos obxectivos estratéxicos neste eixe reflíctese na táboa e gráfica que se xunta:

E3: Economía do Coñecemento.	333.093.419	3,7 %	100,0 %
OE01 Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento	134.738.727	1,5 %	40,5 %
OE02 Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos	198.354.692	2,2 %	59,5 %



As Fontes de financiamento do orzamento deste Eixe estratéxico son:

E3: Economía do Coñecemento	333.093.419	
Orzamentos Xerais da C.A.	298.871.401	89,73%
FCI	4.795.232	1,44%
FEDER	17.546.135	5,27%
Orzamentos Xerais do Estado	6.158.555	1,85%
FEADER	1.479.561	0,44%
INTERREG	208.806	0,06%
FSE	3.736.903	1,12%
OUTROS FONDOS EUROPEOS	141.028	0,04%
OUTRAS INICIATIVAS	155.798	0,05%

III.3.1. OE 1: Construír unha sociedade competitiva baseándose na investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e na innovación empresarial, como garantía de crecemento

A relación universidade-empresa evolucionou positivamente en España e en Galicia, pero sen chegar a ser aínda pedra angular da innovación e da economía do coñecemento. Polo tanto, incrementar os procesos de innovación, racionalizar o esforzo público, implicar en maior medida ás universidades na colaboración coas empresas innovadoras, e adoptar as medidas que incentiven e promovan os recursos que as empresas galegas lle dedican á I+D+i resumen este obxectivo estratéxico para avanzar nunha sociedade innovadora.